

Monel, Vilachá – Becerreá, 1995-08

Informantes: Magdalena e Celsa Rivera Fernández, Germán Fernández Trebolle

Compiladores: Juan Parga, Cristina Vila

Transcripción: Sergio de la Ossa



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

1. —Boas tardes, Maruxiña,
hoxe véñote pedir,
pois tanto como che quero,
sen ti non podos vevir.
2. —Boas tardes, miña sogra,
véñolle pedi-la filla,
se ma dá, sáltolle* un pouco,
se non, marchos máis axiña.
3. —Pois a filla non cha dou,
non teño que che facer,
tu eres un folgazán
e non a podes manter.
4. Pois téñolle bon oficio,
xa sabe que son gaiteiro,
i ándolle de festa en festa
e gano moito diñeiro.
5. —Alabado sea Dios,
o que dixos miña sogra!
Que lle ha destraga-la filla,
xa non ten de[ntes nin moas].

*Noutras versións: séntome